

## ***A Muller e o sistema educativo. Actitudes sociais, poder político e ideoloxía dominante. Estudio dun caso: Concello de A Coruña 1970-1985<sup>1</sup>***

### ***Women and the Educational System Social Attitudes, Political Power and Dominant Ideology. A Case Study: City Council of A Coruña 1970-1985***

*Xosé Ramón BRANCO BUXÁN*

RESUMO: Este artigo desenvolve o “Perfil Lingüístico” dos ensinantes da cidade de A Coruña durante a chamada etapa “da transición política” no Estado español. A etapa abrangue un período político e de grandes expectativas de cambio pola maioría da sociedade pero tamén de grandes temores a ese cambio polas forzas hexemónicas e dominantes (acción e reacción). O resultado das negociacións políticas foi a elaboración dun texto Constitucional chamado a satisfacer as moitas e distintas necesidades sociais (liberdade, expresión, convivencia, estrutura do territorio, lingüísticas, educativas, relixiosas, etc), conformando un Estado novo chamado das “Autonomías”. Se, desde un punto de vista político, o resultado acadado significou un “cambio”, “unha ruptura” ou unha “continuidade” co sistema anterior será unha temática presente nas prácticas políticas do hoxe mesmo e sobre todo no futuro máis inmediato; así a observación dos comportamentos e actitudes dos ensinantes ao longo desta etapa de transición, estudados nunha organización escolar: como estruturan e reestruturan o traballo os mestres, como fan o seu traballo, como se relacionan entre eles e cos alumnos, que tipos de coñecementos consideran máis importantes, etc., poden aportarnos explicacións ás seguintes cuestións: feminización do ensino, proleterización, control nos centros, posibilidades de cambio, resistencias e conflitos. A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión social; unha vez acreditados os dereitos lingüísticos dos galegos correspóndelle a escola crear espazos de formación, uso e recuperación da lingua galega. O obxecto deste traballo é o estudio das actitudes diferenciadas das mestras nas organizacións educativas da cidade de A Coruña no período 1970/1985, entre estas actitudes atópanse as lingüísticas que son ás que aquí presentamos.

---

<sup>1</sup> Este traballo é unha revisión dunha parte da tese de doutoramento que dirixida polo profesor Dr. Herrminio Barreiro Rofdríguez foi defendida na Facultade de Ciencias da Educación da U.S.C no ano 1995.

**PALABRAS CHAVE:** Lingua, feminización, procedencia, usos lingüísticos, diglosia, glotofaxia, bilingüismo, resistencias, conflitos.

**ABSTRACT:** This article examines the “Linguistic profile” of teachers in the city of A Coruña during the period known as the “political transition” in Spain. The time frame covers a political period that filled the society at large with great expectations for change, but they were also extremely fearful of this change owing to the the dominant hegemonic forces (action and reaction). The outcome of the political negotiations was a Constitutional text aimed at meeting the many, different social needs (liberty, freedom of speech, harmony, territorial structuring, linguistics, education, religion, etc.), comprising a new Nation of Autonomous Communities. If, from a political standpoint, the result achieved was interpreted as a “change”, a “break” or a “continuity” as regards the previous system, it is also a theme that is still present in today’s political practices, and particularly in the near future. Hence the observation of the behavior and attitude of teachers over the course of this transition period is examined in a school environment: how teachers structure and restructure their work, how they carry out their work, how they interact with each other and with the students, what kind of knowledge they consider to be most important, etc. All of this information can provide us with answers to the following questions: the feminization of education, proletarianization, control in the schools, possibilities for change, resistance and conflict. Language is a basic element of our cultural identity and it represents a fundamental value of social cohesion. Once the linguistic rights of the Galician people have been established, it is up to the schools to create spaces for the instruction, use and recuperation of the Galician language. The purpose of this paper is to study the different attitudes of teachers in educational organizations in the city of A Coruña from 1970-1985. Among these attitudes we find the linguistics presented here.

**KEY WORDS:** Language, feminization, origin, linguistic uses, diglossia, glottophagy, bilingualism, resistance, conflicts.

## **PERFIL LINGÜÍSTICO**

A súa análise debe aportarnos características diferenciadas nas conductas capaces de afondar nas resistencias e contradicións presentes nos profesionais do ensino coruñés.

Este perfil configura, socio-culturalmente, espacios vitais de acción e interpretación trascendente dunha determinada realidade.

### **1.- A Lingua como vehículo de comunicación, coñecemento e interpretación da realidade.**

A lingua constitúe un vehículo fundamental de comunicación, coñecemento e interpretación, así como de cohesión e estruturación social da realidade:

“Una lengua es un conjunto de signos arbitrarios que reciben su carácter significativo del hecho de ser compartidos por los miembros de una colectividad”. (SIGUAN: 1.990, 21).

Este diálogo lingüístico consigo mesmo e cos demais membros da colectividade principia a partir dos catro anos; con esa idade dispónse xa dun vocabulario e de estruturas para facer frases e combinalas, está pois conquerido un certo desenvolvemento lingüístico propiciado pola aprendizaxe familiar, principalmente. Será na escola, inmediatamente, donde continuará o desenvolvemento así como o perfeccionamento lingüístico do alumno necesario para unha mellor interpretación e coñecemento da realidade; farao mediante a conformación de estruturas sintácticas, combinación complexa das frases, novos sonidos, nese diálogo que o alumno mantén consigo mesmo e coa realidade social, observa a necesidade de empregar regras sociais de relación entre os distintos falantes: compañeiros, nos xogos e cos profesores, cando recibe a instrución educativa.

### **1.1.- Escola e norma lingüística.**

Unha das relacións máis significantes nesta etapa, intencionadamente formativa, é a relación, formal e informal, mantida cos profesores. Eles son os guíadores e orientadores da interpretación social; palabras, feitos e actitudes dos profesores reflicten, consciente ou inconscientemente, unha normativa social, coincidente ou non coa orixinaria do alumno, que se modela por medio do desenvolvemento lingüístico.

Estes son algúns dos obxectivos para os que a escola está lexítimamente constituída:

- a) Desarrollar la capacidad lingüística del alumno para aumentar y mejorar sus capacidad de expresarse y pensar.
- b) Moldear su lengua sobre un modelo "lengua correcta" dando por supuesto que esta lengua correcta es la más adecuada para la expresión en cualquier campo.... La escuela no se limita a estimular una determinada manera informativa y reflexiva de usar el lenguaje sino que al mismo tiempo y a menudo con más insistencia recomienda y preconiza determinadas formas y estructuras lingüísticas y desaconseja otras que el alumno utiliza o puede utilizar. Lo cual equivale a decir que la escuela reconoce una norma lingüística - una manera correcta de hablar - y que pretende moldear la lengua de sus alumnos de acuerdo con esta norma. En ciertos lugares la norma ha sido formalmente establecida por una institución pública y ha sido incluso sancionada por la autoridad política, en otros lugares en cambio parece ser simplemente el resultado de un consenso social, aunque en realidad en todas partes la norma lingüística es a la vez un cuerpo de decisiones concretas y unos mecanismos sociales que presionan con más o menos fuerza para imponerla. En todos los lugares además la recepción de la norma por parte de la institución escolar se hace por una doble vía: los programas y directrices pedagógicas para la enseñanza de la lengua por un lado y los textos (manuales, diccionarios, crestomatías), por otro....En realidad la presión de la escuela en favor de la norma lingüística se produce en la práctica cotidiana, estimulando ciertas formas lingüísticas, bien ofreciéndolas como modelo, bien elogiando su uso y sobre todo censurando y reprimiendo otros por considerarlos opuestos a norma" (SIGUAN: 1.990, 9-17).

Queremos seleccionar algúns conceptos que nos parecen relevantes da interpretación social que se acaba de facer do feito lingüístico:

- 1º Que a forma en que é compartida polos membros dunha colectividade produce o seu carácter significativo.

2º A escola moldea a lingua do alumno de acordo coa norma concreta da lingua hexemónica proposta pola escola (norma lingüística).

3º A escola presiona na imposición lingüística, non só nas directrices pedagóxicas ou dos textos, senón tamén na práctica cotiá: estimulando, eloxiando, censurando e reprimindo; práctica cotiá realizada dentro e fóra das aulas polos profesores.

A lingua na escola vehicula o ensino e realiza outras funcións sociais de trascendencia reproductiva, froito da súa metalinguaxe: transmisión de valores éticos, políticos, relixiosos, sexistas, división do traballo, escalas xerárquicas, representacións simbólicas, artísticas, etc. Como tal vehículo precisa a escola impoñe-la norma hexemónica para mante-lo seu carácter de lingua estándar de comunicación e de instrumento de análise da realidade, pero tamén precisa desa imposición, para funcións pragmáticas e de interiorización do individuo, de tipo afectivo, reflexivo ou analítico.

Iremos vendo como son os modos e maneiras de relacionarse os mestres así como as actitudes, crenzas, resistencias, ante o feito lingüístico en A Coruña, no transcurso da súa práctica social; principiamos analizando a interacción lingüística dos mestres cos distintos axentes sociais na vida ordinaria.

### 1.2.- Lingua e uso social

Unha lingua non existe de forma “natural”, non se dan autonomías espontáneas, a razón de ser radica nas determinadas prácticas sociais que realiza; estas prácticas son imprescindibles para unha plena normalización de uso e reprodución, que deben localizarse en todo o entramado social:

“La forma particular de las prácticas lingüísticas intervienen a la vez a nivel de la base de la formación social, en la realización de las relaciones de producción e intercambio, y a nivel de superestructura política e ideológica “(BALIBAR E LAPORTE: 1.976,15).

Na medida en que coñezamo-los distintos usos sociais da lingua iremos desvelando actitudes que denotarán confianza, necesidade, identificación, integración, participación simbólica, preferencias e afectos, aspectos todos eles formadoras do entramado social.

#### 1.2.1.- Uso social cos pais

Comprobemos cal é a lingua que habitualmente empregan para comunicarse os mestres cos seus pais. Ítem 16-1:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	57	10	45	27	50	17
Ocasio.Caste	14	-	9	-	11	-
Maio.Galeg	-	21	18	18	11	20
Maior.Castel	-	32	9	27	6	30
Ocasio.Gale	14	21	-	-	6	13
Só castelán	14	16	18	27	17	20

Con fin de darlles máis peso explicativo agrupamos algunhas opcións equivalentes:

“Só galego e ocasionalmente castelán” e “Maioritariamente galego” en: “OCASIONALMENTE CASTELÁN”.

“Maioritariamente castelán” e “Só castelán e ocasionalmente galego” en: “OCASIONALMENTE GALEGO”.

Nova táboa, como resultado do reagrupamento:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	57	10	45	27	50	17
Ocas.Castel	14	21	27	18	22	20
Ocas.Galego	14	53	9	27	12	43
Só galego	14	16	18	27	17	20

Globalmente (na suma das porcentaxes para homes e mulleres dos dous segmentos do ensino, expresados separadamente para cada sexo), podemos apreciar un monolingüismo (50% galego e 17% castelán) como a forma maioritaria de relacionarse os homes cos pais.

Nas mulleres dase un “bilingüismo” máis acusado (20% e 43%).

Por segmentos educativos as mulleres do ensino público practican, nun 74% (21% e 53%), un “bilingüismo” cos pais, que chamamos “castelán” (maior peso de uso do castelán nun 53%). Un número inferior de mulleres do ensino privado tamén é “bilingüe castelán” nas relacións cos pais.

Apreciamos un monolingüismo galego, como uso maioritario de relacion, o que practican cos pais os homes do ensino público e privado, en inferior porcentaxe aparece un monolingüismo castelán; resulta moi baixo o monolingüismo galego practicado polas mulleres, principalmente nas que exercen no ensino público.

Resumimos sinalando un abandono masivo dos códigos lingüísticos de orixe por parte das mulleres tendo en conta o medio de extracción social maioritario (31% e 50% recordamos que eran as porcentaxes de mulleres que procedían de aldeas da provincia de A Coruña ou do resto de Galiza respectivamente).

Este proceso de cambio dunha práctica na primeira lingua a outra ante os mesmos interlocutores:

“aparece como algo que es siempre ya la realización de un “pensamiento”, de una “cultura”, de una “ideología”, etc (o de una “sociedad”, de un “grupo”).

Afirmación de RENNE BALIBAR, que completa con estas outras:

“desde una perspectiva mecanista e instrumentalista, “la lengua” aparece como un sistema elemental, anterior no solo a las prácticas lingüísticas “individuales”, sino tambien a las fisuras ideológicas, a las cuales serviría, a posteriori, como medio de expresión” (BALIBAR E LAPORTE:1.976, 15).

### 1.2.2.- *Uso cos cónxuxes ou persoas máis achegadas.*

Vexamos as relacións cos cónxuxes ou persoas máis achegadas. Item 16-4:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	38	12	9	25	21	16
Ocas.Castel	-	4	36	12	21	6
Ocas.Galego	50	54	36	50	42	53
Só castelán	12	29	18	12	16	25

Mingua o “bilingüismo galego”, no caso dos homes, aumenta no caso das mulleres, para os dous segmentos educativos, cando a relación se da entre cónxuxes.

No caso das mulleres da pública aumenta o monolingüismo no castelán, mentres que mingua na privada.

En calquera caso a lingua predominante nas relacións de parella é o castelán con ocasionalmente algún uso do galego; relacións de parella que traducen a posta en marcha de proxectos vitais, sociais e afectivos dos individuos, nunha realidade concreta.

### 1.2.3.- *Uso social cos fillos*

En canto ás relacións cos fillos estas son as formas lingüísticas de facelo. Item 16 - 2:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	12	5	10	20	11	8
Ocas.Castel	37	-	40	-	39	-
Ocas.Galego	37	66	40	80	39	69
Só castelán	12	29	10	-	11	23

Resulta inferior o uso, en tódolos casos, do monolingüismo galego con respecto ó practicado cos pais e cónxuxes, moi especialmente polas mulleres do ensino público; o castelán é o idioma maioritariamente empregado, aínda que dun xeito exclusivo de uso (monolingüismo) faise en proporcións similares que cos demais interlocutores, excepto nas mulleres do ensino privado que non o empregan na relación cos fillos.

Confírmase un carácter máis galeguista nos profesionais do ensino privado, para este tipo de relacións.

### 1.2.4.- *Uso social cos alumnos*

Completamos esta visión de uso e relación da lingua, coas actitudes fóra do mundo da familia, principalmente nas relacións cos alumnos e cos compañeiros de oficio.

Item 16 - 3 cos alumnos:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	12	-	17	9	15	3
Ocas.Castel	50	11	58	36	55	18
Ocas.Galego	24	74	25	45	25	66
Só castelán	12	15	-	9	5	13

Non se relacionan, cos alumnos, exclusivamente en galego as mulleres do ensino público, na privada os homes non empregan exclusivamente o castelán para relacionarse cos alumnos.

O castelán é a lingua máis empregada polas mulleres e o galego polos homes.

Estes datos analizados por áreas xeográficas da cidade dan o seguinte resultado:

Opcións	CENTRO		PERIFERIA	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	13	-	25	6
Ocas.Castel	56	5	50	33
Ocas.Galego	25	80	25	50
Só castelán	6	15	-	11

No centro os homes empregan como lingua de relación cos alumnos, maioritariamente o galego, tamén na periferia pero en maior proporción; as mulleres totalmente ó revés (maior uso do castelán), pero tamén na periferia dase un maior uso do galego.

### 1.2.5.- *Uso social cos compañeiros*

Lingua falada polos mestres nas relacións habituais cos compañeiros de traballo. Item 16-5:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Só galego	14	-	25	20	21	6
Ocas.Castel	28	12	50	30	42	17
Ocas.Galego	43	56	16	40	26	52
Só castelán	14	32	-	10	5	26

Dunha forma global o monolingüismo en galego é unha práctica maioritaria nos homes fronte ás mulleres (21%/6%). Mentres en castelán a maioría de uso é das mulleres (26%/5%).

Os diálogos establecidos nas relacións de traballo entre os compañeiros fanse maioritariamente na lingua castelá nos colexios do ensino público, en lingua galega, nos colexios do ensino privado. Algún mestre comentou que fai uso “indistintamente” dunha ou doutra lingua.

Buscando un resumo, con datos comparativos das linguas empregadas con cada un dos interlocutores, nos ámbitos familiar e profesional, expoñemos unhas táboas que,

tomando os datos totais para cada un dos sexos, permiten unha análise comparativa, primeiro do monolingüismo de uso, despois do mal chamado “bilingüismo”.

### 1.3.- Monolingüismo familiar.

Opcións	HOMES			MULLERES		
	Pais	Fillos	Cónxuxe	Pais	Fillos	Cónxuxe
Só galego	50	11	21	17	8	16
Só castelán	17	11	16	20	23	25

O uso do galego é maior por parte dos homes, vai mingando o seu uso por esta orde: pais, cónxuxes e fillos (caída desde un 50% a un 11%), orde xeracional. Tamén minga o uso do galego, na mesma orde xeracional, no caso das mulleres (dun 17% a un 8 %).

En canto o uso do castelán, é maior por parte das mulleres, medra de pais á cónxuxes, pasando polos fillos (dun 20 a un 25% ). Nos homes o uso do castelán minga desde un 17 a un 11%.

Podemos observar máis estabilidade no uso da lingua castelá principalmente por parte das mulleres (máis asentadas familiarmente no uso da lingua castelá).

### 1.4.- Monolingüismo profesional.

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Alumnos	Compañeiros	Alumnos	Compañeiros
Só galego	15	21	3	6
Só castelán	5	5	13	26

Medra o carácter monolingüe, de alumnos á compañeiros. O uso que se fai das linguas está invertido: maior uso do galego nos homes, do castelán nas mulleres.

Xorde unha actitude lingüística distinta ante os usos practicados en familia e os practicados nas relacións laborais, destacando a postura dos homes facendo maior uso do castelán na familia que no traballo, tamén inferior resulta o uso que fai do galego a muller no traballo, o que nos leva a pensar nun certo nivel superior de resistencias para usa-lo galego con carácter profesional, fronte ó uso en familia, por parte das mulleres.

### 1.5.- Bilingüismo familiar.

Opcións	HOMES			MULLERES		
	Pais	Fillos	Cónxuxe	Pais	Fillos	Cónxuxe
Ocasi.Castel	22	39	21	20	-	6
Ocasi.Galeg	12	39	42	43	69	53



Os diálogos “bilingües”, teñen máis peso do galego por parte dos homes, medra a súa porcentaxe de uso de pais á fillos. Para este tipo de diálogos nas mulleres baixa, non existindo uso no diálogo cos fillos.

Os diálogos con máis peso de uso do castelán danse nas mulleres, medrando o seu uso no orde xeracional (do 43 ó 69% dos casos).

Os fillos son educados principalmente en castelán polas mulleres, con apenas uso do galego (só un 8%); os homes educan ós seus fillos nas dúas linguas: nun 50% repartido para cada unha.

Da a sensación dun monolingüismo castelán nas mulleres e dun “bilingüismo” nos homes, para realiza-la educación dos fillos.

### **1.6.- Bilingüismo profesional.**

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Alumnos	Compañeiros	Alumnos	Compañeiros
Ocasi.Castel	55	42	18	17
Ocasi.Galeg	25	26	66	52

No centro educativo, as mulleres fan uso do castelán, en maior medida, cos alumnos que cos compañeiros, asimesmo fan uso do castelán en maior medida nas relacións cos compañeiros.

Aparecen pois os homes practicando un uso lingüístico inverso ó realizado polas mulleres; posiblemente pola presenza maioritaria de mulleres nos centros, cos compañeiros de traballo usa en maior proporción a lingua castelá (medio máis frecuente de expresión das mulleres do ensino) do que o fai cos alumnos, por exemplo; razóns similares as que lle acontecen ás mulleres nas relacións cos homes fronte ó comportamento que manteñen cos alumnos.

Segundo esto observamos como os alumnos manteñen relacións cos mestres maioritariamente en galego e coas mestras maioritariamente en castelán.

Resumimos este primeiro apartado, que nos fixo unha descrición evolutiva dos posicionamentos lingüísticos dos profesionais do ensino, sinalando que partindo dunha procedencia dos mestres maioritariamente asentada no código lingüístico galego, sofre un proceso de cambio e abandono, que afecta en maior medida ás mulleres, tanto na esfera familiar como na profesional. O resultado non é, como intentan manifestar algúns, unha dobre utilización dos códigos, o resultado é o abandono masivo do código lingüístico galego; abandono que observamos cando o uso galego queda relegado a determinados tipos (ou particularidades de uso) de relacións sociais, especialmente naquelas que non resultan conflictivas co uso do código castelán.

## 2.- Conflito lingüístico.

Non existe na realidade harmonía e igualdade de uso das linguas, non existe polo tanto un bilingüismo; existen espazos e funcións sociais de uso destinados a unha ou a outra lingua; de xeito que cando coinciden as dúas na mesma función xorde o conflito. Pero este conflito non é entre as linguas, o conflito dáse entre os portadores das linguas; o conflito social está nas persoas ou grupos sociais debido á contraposición de intereses, valores e fins sociais, vexamos senón dous exemplos desta realidade contradictoria e conflitiva:

1º Aqueles grupos sociais, asentados no código lingüístico castelán, que, con motivo do recoñecemento doutros códigos pola Constitución e a correspondente posta en marcha de políticas normalizadoras da realidade polos gobernos autónomos (restabelecendo o dereito ó emprego das linguas autóctonas), consideraron lesionados os seus dereitos de uso lingüístico.

En A Coruña xorde no ano 1988 a “Asociación para la Libertad de Idioma”, (AGLI):

“cuyo objetivo es que se respeten los derechos lingüísticos individuales de todos los gallegos. Desde entonces, AGLI se ha opuesto a una mal llamada normalización lingüística, que no es sino un imposición antidemocrática del gallego, generada por la clase política, y que no responde en absoluto a la demanda de la sociedad”.

Expresións sacadas dun manifesto de solicitude de inscrición a AGLI no periódico “LA VOZ DE GALICIA”.

2º Aqueles outros que defenden a normalización invitando ós individuos, organismos oficiais, empresas, á sociedade en xeral, a restablece-lo uso da lingua en tódalas relacións sociais como expresión autóctona da cultura. Por exemplo a “Mesa pola Normalización Lingüística”.

Se no proceso de normalización da lingua galega non se cumpre un dos requisitos sinalados por M. SIGUAN para que unha lingua teña un uso xeralizado: “signos lingüísticos compartidos por tódolos membros da colectividade”

¡Ou que se desexen compartir!, entón non resulta arriscado pronosticar un proceso lento e conflictivo de normalización lingüística.

### 2.1.- Diglosia e Glotofaxia.

Temos pois a consecuencia lóxica da situación social: o conflito lingüístico.

Durante o proceso conflitivo de dúas linguas en situación desigual de uso (Diglosia, segundo PILAR GARCIA NEGRO, 1991), unha lingua, que emprega a sociedade dominante, domina e come os espazos sociais de uso á lingua que emprega a sociedade dominada; proceso chamado por LOIS-JEAN CALVET (1981), glotofaxia.

Este proceso de glotofaxia, observado nos suxeitos da mostra, resulta máis evidente nos núcleos urbanos, sobre todo na cidade coruñesa, dadas as particulares características socio - históricas antes descritas, compréndese que sexa aquí onde xurdan grupos reaccionarios tipo AGLI.

Nas vilas e aldeas non está tan avanzado o proceso de glotofaxia, razón pola que tampouco debe sorprendernos o carácter violento con que se manifestaron os conflitos lingüísticos- acontece como unha maior intolerancia e maiores premuras, polos invasores dos espazos autóctonos de convivencia lingüística, nas primeiras etapas da glotofaxia- (informaremos delas máis adiante cando estudiemo-las actividades durante o período da transición política).

### 3.- O galego no ensino.

Comprobada a lingua ou linguas de relacións cos alumnos desexamos coñecer cal é a lingua que empregan os mestres para ensinar.

#### 3.1.- Segundo a normativa oficial

A resposta témola no Item 17 - 1:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cast/Normat	11	60	15	40	14	54
Gal/Normat	33	16	38	20	36	17
Todo castel	33	24	15	40	23	29
Todo galego	22	-	31	-	27	-

“Tódalas materias en galego”: monolingüismo galego, practícanos os homes, tanto no ensino público como no privado nunhas porcentaxes do 22 e 32% respectivamente. Mentres que as mulleres non practican un monolingüismo galego no ensino.

“Tódalas materias en castelán”: monolingüismo en castelán, práctica que realizan as mulleres nun 24% en un 40%, respectivamente, no ensino público e privado. Os homes exercen o monolingüismo castelán en maior medida na pública que na privada (33% vs 15%), ó revés do que acontecía coas mulleres.

En xeral, exercen nun 50% os homes e nun 29% as mulleres, o monolingüismo (sumadas as dúas formas de expresión); todos eles conformarían o grupo de mestres que non cumpren coa normativa vixente, da administración educativa, en materia lingüística.

Entre aqueles que imparten o ensino en

“castelán axustándose á normativa vixente do galego”, son maioría as mulleres.

Mentres que o

“ensino en Galego, axustándose á normativa vixente”, son maioría os homes.

Analizando os datos por zonas da cidade temos:

Opcións	CENTRO		PERIFERIA	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cast/Normat	18	63	-	44
Gal/Normat	29	11	60	25
Todo castel	24	26	20	31
Todo galego	29	-	20	-

O monolingüismo en castelán exerceo, con porcentaxes similares, tanto no centro como na periferia, homes e mulleres (un pouco máis as mulleres na periferia), o monolingüismo en galego dáse só nos homes, nunha porcentaxe algo maior no centro.

O ensino en castelán, respetando a normativa do galego, é o preferido polas mulleres, sobre todo no centro, fronte ó ensino en galego respetando a normativa (esta modalidade emprégana en maior medida as mulleres na periferia).

Como resumo, deste apartado, podemos afirmar que o ensino impartido polos colexios do centro, faise en castelán, nun 42% polos homes e nun 89% polas mulleres, para a periferia as porcentaxes son do 20% e 75% respectivamente.

Se tomamos como similares as opcións:

- 1.- "Ocasionalmente galego "de" Castelán, axustándome á normativa vixente do galego".
- 2.- "Ocasionalmente castelán "de" Galego, axustándome á normativa vixente".

Podemos elaborar unha táboa que nos servirá para analiza-lo comportamento lingüístico dos profesores cos alumnos ante dúas situacións de relacións sociais: a de comunicación ou relación habitual con eles, e a que se produce durante o ensino.

En primeiro lugar para o ensino público:

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Comunicación	Ensino	Comunicación	Ensino
Só galego	12	22	-	-
Ocas.Castelán	50	33	11	16
Ocas.Galego	24	11	74	60
Só castelán	12	33	15	24

En segundo lugar para o ensino privado:

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Comunicación	Ensino	Comunicación	Ensino
Só galego	17	31	9	-
Ocas.Castelán	58	38	36	20
Ocas.Galego	25	15	45	40
Só castelán	-	15	9	40

Vemos como o uso monolingüe das linguas medra nas situacións de ensino ante os alumnos, de xeito moito máis notable para o monolingüismo en castelán.

Se as mulleres non se comunicaban ordinariamente cos alumnos - nos colexios do ensino público- exclusivamente en galego, tampouco o fan no intre de ensinar. Pero na privada, que o facían na comunicación ordinaria cos alumnos, con todo e iso non o fan na súa relación de ensino.

Pola contra os homes nos colexios privados, que non se comunicaban cos alumnos en castelán dun xeito exclusivo, agora sí o fan para ensinar.

Varias son as razóns explicativas destes comportamentos distintos; algunhas delas derivadas do carácter instrumental, outras de carácter legal e normativo, tamén poden estar presentes algunhas de carácter pedagóxico (adaptación ó medio, concordancia afectiva, expectativas), pero que en todo caso evidencian unha confusión e dúbidas sobre unha recuperación cultural e social do uso da lingua galega (tal e como predicen as intencións oficiais).

En canto a alternancia no uso das linguas, mingua na medida que se pasa da comunicación ordinaria á comunicación profesional, adoptando en tódolos casos actitudes monolingües; aparece unha excepción no ensino público, por parte das mulleres, que aumentan o uso da fórmula "ocasionalmente castelán".

Segundo nos foron indicando os mestres no diálogo aberto con todos eles podemos afirmar:

- 1º A presión socio-cultural ten máis repercusión nas mulleres, provocando máis cantidade de abandonos do código lingüístico orixinario.
- 2º A presión administrativa tamén afecta máis as mulleres, traducida nun cumprimento maior da normativa. De xeito coherente co punto anterior, afecta máis as mulleres que exercen no ensino público, para que impartan o ensino en "castelán axustado á normativa do galego".
- 3º O centro da cidade exerce máis presión ca periferia no cumprimento das normativas.

### **3.2.- Antes do Goberno Autónomo.**

En que medida estes comportamentos lingüísticos realizados na actualidade son produto da Autonomía?. Buscaremo-la resposta no ítem 17 - 2:

Opcions	PÚBLICO		PRIVADO	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Cast/Normat	22	20	36	37
Gal/Normat	11	-	9	12
Todo castel	56	75	27	50
Todo galego	11	-	18	-

Temos en conta o feito de que algúns profesionais non traballaban ou exercían a función de docentes antes da implantación do Goberno Autónomo.

Fagamos pois a comparación das dúas situacións, pero debido a que anteriormente non existía normativa algunha para o uso das linguas, aplicaremos o seguinte criterio de homologación: tomaremos - “Castelán, axustándome á normativa vixente do galego” e “Galego, axustándome á normativa vixente” (dun xeito similar a como fixemos anteriormente) como equivalentes a “usos maioritarios” da lingua correspondente.

Comparación do uso para profesionais do ensino PÚBLICO:

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Antes	Despois	Antes	Despois
Maiori.Castelán	22	11	20	60
Maiori.Galego	11	33	-	16
Todas castelán	56	33	75	24
Todas galego	11	22	-	-

Apreciase na actualidade un uso maior da lingua galega en cada unha das categorías de análise por parte dos homes, pola parte das mulleres observamos unha mellora do uso tamén do galego (aínda que en menor cuantía que os homes) froito exclusivamente da aplicación da normativa.

Comparación do uso no ensino PRIVADO:

Opcións	HOMES		MULLERES	
	Antes	Despois	Antes	Despois
Maiori.Castelán	36	15	37	40
Maiori.Galego	9	38	12	20
Todas castelán	27	15	50	40
Todas galego	18	31	-	-

Comportamento similar ó que observamos no ensino público; destacando esa maior resistencia das mulleres na utilización do código lingüístico galego en exclusiva.

#### 4.- Valoración do uso que se fai do galego no ensino.

Interesante resulta, como complemento do exposto ata aquí, averiguar que opinión lle merecen os usos que se fan do galego no ensino ós nosos interlocutores. Ítem 33:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Suficiente	25	53	27	55	26	53
Escaso	37	13	73	27	58	16
Excesivo	25	28	-	18	11	26
Outra	13	6	-	-	5	5

Unha cuarta parte dos homes, da pública e da privada, consideran que é suficiente o uso que se fai do galego no ensino, así o consideran tamén máis da metade das mulleres.

A presión administrativa (en canto á normativa para o uso do galego) acúsana máis mulleres.

Observamos tensións entre os que consideran escaso o seu uso e os que o consideran excesivo.

Analicemos onde aparecen con máis forza as tensións:

- 1.- na pública as mulleres nun 13% consideran “escaso” o uso que se fai do galego, fronte a un 37% dos homes; sendo maioría fronte ós homes (28/25% ) as mestras que consideran excesivo o seu uso.
- 2.- na privada os homes consideran nun 73% “escaso” o uso que se fai do galego, en ningún caso consideran excesivo o uso que se fai na actualidade.

As mulleres nun 27 e 18%, respectivamente, consideran que o uso é “escaso” e “excesivo”.

Na opción “outra” recolleamos algúns comentarios:

a) Os homes opinan que a presenza do galego no ensino significa:

- “Ventaxas en xeral. Progresivamente a outras materias”.

b) Nas opinións das mulleres aparecen reflectidas algunhas das resistencias que observábamos:

- “Debe compatibilizarse coa aprendizaxe doutras linguas”.

Algunha ssuxerencias de uso: “Impartir máis áreas en galego e menos horas de lingua galega”.

A implantación do galego como lingua e como materia no ensino abriu no seu momento e segue a abrir, como temo comprobado recentemente, unha das polémicas sociais máis acedadas e violentas provocadas polas resistencias á normalización lingüística. Daquela participaron os medios de comunicación como escaparates interesados nela, por diversos motivos. Así algún deles, como é o caso de “La Voz de Galicia”, participando na polémica encargando estudos de opinión en canto ó uso do galego no ensino.

Tomemos dous exemplos, un emitido no periódico do “domingo, 4 de outubro de 1987, páxina 22:

“La mitad de los encuestados es partidaria de que se impartan clases en gallego, pero la otra mitad se opone”

Enquisa realizada por I&MO S A, para coñece-la opinión dos galegos sobre a introducción do galego no ensino básico e medio:

“Globalizando los resultados, se puede indicar que alrededor de un 49,3 por ciento de los gallegos mayores de 16 años está por la introducción del gallego en la enseñanza, en tanto que un 50,7 se alinea en el bando contrario, admitiendo a lo sumo que el gallego sea asignatura obligatoria, pero no que se impartan otras materias en gallego”.

Outros datos resumidos:

- galego vehículo exclusivo do ensino, 13,7%.
- castelán vehículo exclusivo, 6,4%.
- ensino en castelán e galego voluntario, 28%.
- ensino en castelán e asignatura obrigatoria o galego, 16,1%.
- ensino mixto con asignaturas en galego e outras en castelán, 35,6%.

Comenta o informe:

“El dato más significativo por provincias es el “galleguismo” más acentuado de los habitantes de Pontevedra”.

Sacamos do periódico os resultados das opinións, por provincias, a favor do uso exclusivo do galego no ensino:

A Coruña, 13%, Lugo, 7%, Ourense, 10% e Pontevedra, 18%.

Esta sondaxe de opinión volveu realizarse dous anos despois pola mesma firma para “La Voz de Galicia”, publicando os resultados no periódico do “domingo, 24 de septiembre de 1989” na páxina 29 baixo o título:

“Más de la mitad de la población se muestra partidaria del uso del gallego en la enseñanza” para seguir informando:

“La opinión pública gallega se muestra claramente dividida en sus posturas sobre el idioma en el que se debe impartir la enseñanza en los colegios, si bien la tendencia se ha invertido con respecto al estado de opinión de hace dos años y ya son mayoría los partidarios del proceso de galleguización de la enseñanza (55% frente al 45%).”

### 5.- Vantaxes e inconvenientes do uso do galego no ensino.

Desde un punto de vista profesional afondamos un pouco na problemática lingüística empregando argumentos de análise tal vez máis técnicos referidos ós alumnos e os seus proceso de aprendizaxe.

Neste respecto queremos saber que vantaxes ou inconvenientes poden representar para os alumnos o uso do galego na escola, segundo a opinión dos mestres. Item 32:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Vantaxes	67	37	69	82	68	46
Inconvenient	11	24	15	18	14	23
Perda tempo	11	19	-	-	4	15
Déficits cast	-	19	-	-	-	15

Consideran que o ensino do galego representa un enriquecemento do repertorio dos coñecementos lingüísticos do alumno, tódolos profesionais en maioría, excepto as mulleres do ensino público.



Estes maiores inconvenientes manifestados polas mestras débense ás interferencias, confusións ortográficas e léxicas a que da lugar o seu uso, dificultándolle-lo dominio correcto da lingua; coinciden con esta valoración o resto dos compañeiros, pero en menor cuantía.

Homes e mulleres do ensino público, entre un 11 e un 19%, consideran unha perda de tempo o seu uso no ensino, que sería necesario para adicar a outras aprendizaxes.

O ensino en galego, que facían uso en exclusiva del un 19% das mestras da pública, entenden elas representa un inconveniente porque da lugar a déficits na competencia dos nenos no castelán.

Estos considerandos facilitánnos unha dimensión valorativa do uso do galego na escola pola simple esixencia administrativa (esixencias as que as mestras son máis sensibles e cumpridoras) que comprobamos anteriormente se estaba realizando na nova situación socio- política, carrexando confusións para tódolos membros da sociedade educativa e inconvenientes (segundo as mestras) para o perfecto asentamento no código lingüístico castelán.

Tomamos do periódico “La Voz de Galicia” unha opinión dunha maxistrada da Audiencia de A Coruña acerca do uso do idioma galego como medio de reflexión e interpretación das leis do Código Penal Español, que nos pode servir para facer unha comparación co conflito lingüístico presente noutras parcelas sociais:

“Cuando un gallego interpreta una ley, ¿halla en ella más sutilezas que un castellano? - exploro con curiosidad (pregunta do periodista). Responde a maxistrada: “Quizás”. Pero las leyes tienen vocablos rotundos, con pocos flancos a otras interpretaciones o variables filológicas”.

Quando meditas una ley, María del Carmen, ¿la meditas en castellano o gallego ? - propongo quizás impertinente. Y María del Carmen, tras el silencio dice

“En castellano. En castellano las estudie y en castellano considero que puedo entenderlas y fallar mejor”.

Examinemo-las opinións das mulleres do ensino público en función dos grupos de idade:

<b>Idade</b>	<b>Vantaxes</b>	<b>Inconvenientes</b>	<b>Perda de tempo</b>	<b>Déficits</b>
20 – 30	100	-	-	-
30 – 40	75	-	25	-
40 – 50	71	14	14	-
50 – 60	29	29	18	24
> 60	8	33	25	33

Observamos como as resistencias das mestras para emprega-la lingua galega, amparándose en aspectos técnicos relacionados coa aprendizaxe, reflexión e uso da lingua, aumentan en relación directa coa maior idade; as vantaxes medran coa inexperiencia e a proximidade académica.

O chamado conflito das linguas, é dicir as discusións, conflitos sociais así como aspectos técnicos, expresados a nivel individual, non xorden da aplicación do castelán nos distintos espacios sociais, senón que aparecen cando o idioma galego se emprega ou se pretende empregar en espacios sociais en conflito co castelán; cando esto acontece a escola toma a responsabilidade que indicaba antes M. SIGUAN:

“y a menudo con más insistencia recomienda y preconiza determinadas formas y estructuras lingüísticas y desaconseja y condena las que el alumno utiliza o pueda utilizar”.

En xeral apréciase un menor número de resistencias por parte dos profesionais do ensino privado. O resto dos homes, que elixiron a opción “outra” foi para expresar que o ensino do galego representa:

- “*Vantaxas en xeral*”.
- “*É necesario para conservar a cultura galega*” (*visión culturalísta e profesional*).
- “*Axuda a sentir orgullo de ser galego*” (*visión ideolóxica*).

#### 6.- Vantaxes sociais do uso do galego.

Desde un punto de vista socio/cultural precisamos coñece-la presenza de posibles resistencias por parte dos mestres ó uso do galego. Item 31:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Integra galeg	56	41	100	100	79	58
Marxina gal	-	7	-	-	-	5
Marxina cast	22	4	-	-	11	3
Lesiona cast	11	37	-	-	5	26

A maior porcentaxe das resistencias xorden por parte das mulleres no ensino público, resultando moi sensibles ó feito de que a presenza do galego na escola impida que se desenvolvan correctamente os alumnos en castelán.

Analicemos esta opinión das mestras do ensino público en función da idade:

Idade	Integra	Marxina galego	Marxina castelán	Lesiona castelán
20 – 30	100	-	-	-
30 – 40	75	-	-	25
40 – 50	50	-	17	17
50 – 60	27	9	-	45
> 60	17	17	-	66

O pensamento favorable á presenza do galego na escola como integrador do neno galego-falante na sociedade por parte das mestras faise en relación inversa coa súa idade.

Para as mestras de maior idade a presenza do galego na escola “impide que os alumnos se desenvolvan correctamente en castelán”, ademais non significa unha integración do neno galego- falante na sociedade.

Tamén os homes da pública, en notable cantidade, avisaban de que a presenza do galego na escola “marxina ó neno castelán - falante”.

Outras opinións manifestan que a presenza do galego na escola serve para:

- *“Facer máis completa a formación”, din algúns homes.*
- *“Fai que se coñeza e se ame”.*
- *“Creo que deben “convivilas” dúas linguas en harmonía”, opinión compartida por algunhas mulleres.*

### 7.- Estimación do nivel de uso do galego no ensino.

Presentada a problemática lingüística arredor do uso da lingua galega no ensino debemos recabar opinión do nivel dese uso, valoración por suposto estimativa e persoal. Item 34:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Nada	-	-	-	-	-	-
Pouco	14	29	36	27	28	28
Algo	29	25	27	64	28	36
Bastante	43	46	27	9	33	36
Moito	-	-	-	-	-	-

- Concepto “Bastante”, podemos utilizalo como unha opción que denota suficiencia, satisfacción, máis dos límites desexados. Depende do lado en que observemo-lo problema.

No ensino público aparecen síntomas que informan dunha percepción suficiente de uso, (empregamos unha categoría, co superlativo “moitísimo”, que escolleron soamente os homes da pública nun 14%, como expresión do uso do galego na escola); no privado esta suficiencia percibida é bastante inferior, principalmente nas mulleres. Perciben tódolos mestres que se fai pouco uso; para os homes da pública esta queixa formúlase en menor cantía, resultando os máis satisfeitos co uso que se fai do galego.

Os máis insatisfeitos do uso do galego no ensino son: os homes en xeral, e os homes e mulleres do ensino privado.

Outras opinións, das mestras, informan que o uso:

- *“Depende do medio rural (moito uso) ou urbano (pouco)”.*
- *“Casi nada na cidade”.*
- *“No medio rural”.*
- *“O uso depende da zona de Galicia”*

## 8.- Ensino e lexislación lingüística.

Recordamos agora aquelas palabras de M. SIGUAN, informándonos de como as normas lingüísticas xeralmente teñen que aplicalas os gobernos, por medio de mecanismos institucionais, que conlevan presión social.

Esta aplicación faise baixo un control político que se gradúa en función da urxencia e obxectivos inmediatos a conquistar. A colaboración, que deben presta-los individuos integrantes das organizacións, dependerá da motivación, ideoloxía, crenzas, así como das esixencias dese control aplicativo.

Desexamos coñece-la medida en que as pretensións de normalización lingüística do goberno autónomo son comprendidas e compartidas polos mestres; para elo “dialogaremos” no tocante ás pretensións que, segundo os mestres, ten a lexislación vixente, co emprego do galego no sistema educativo. Item 30:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Alumn galeg	-	18	50	18	30	18
Alumn bilin	63	26	42	27	50	26
Crea confusi	25	56	8	55	15	55
Outra	12	-	-	-	5	-

As mulleres do ensino, maioritariamente, entenden que o Goberno Autónomo pretende “cumprir con certos requisitos políticos que só provocan confusión e perdas de tempo”.

Interpretación que na medida en que se axuste á realidade política lexisladora verásese respaldada e reforzada polos encargados de face-los controis políticos de aplicación das leis. Se non fóra así (é dicir un estricto control no cumprimento mínimo das disposicións normalizadoras), teríamos unha proba evidente da non coincidencia dos obxectivos dos mestres coa Administración.

Son coincidentes con esta apreciación, pero en menor grao, os homes do ensino público, bastante menos os do ensino privado; agora ben a formación de persoas bilingües e biculturais, falar en dúas linguas e realizarse en dúas culturas á vez, resulta unha opción que perciben os homes como unha proposta gubernativa.

Desde certos sectores sociais, próximos á posturas conservadoras do status social do castelán en Galiza, (preconizado polas forzas dominantes desde a capital do Estado das Autonomías) a visión bilingüe ou bicultural, nas nacionalidades diferenciadas, foi a proposta arbitrada como medio de resolución do conflito lingüístico. Parece que esta postura está soportada en función do coñecemento lingüístico, apuntado anteriormente, que permite o mantemento e reprodución da lingua oficial do Estado sempre que se manteña a supremacía social que disfruta á lingua dominante fronte á lingua dominada; pensan nun uso desta lingua dun xeito testimonial, “no corazón”, restrinxido á aspectos culturais, folclóricos de interese de estudo académico.

Evidentemente os individuos sí poden ser bilingües ou multilingües, ademais necesitan selos para comunicarse con sociedades cultural e lingüísticamente diferenciadas, pero as sociedades non son natural e espontaneamente bilingües.

Por eso mesmo varios autores sociolingüistas informan que

“ ... O bilingüismo funciona en moitas das suas apoloxias como unha petición de principio, dirixida a consagrar como solución estáble o que, por mor da desigual distribución funcional das dúas línguas, leva en si o xerme da inestabilidade e da desigualdade.

... Asinalámos o incorrecto dos plantexamentos conservacionistas ou espiritualistas, porque desvirtúan a natureza do mesmo obxecto, a língua, que se trata de recuperar e indicámos o carácterparalizante da tensión normalizadora que supoñen as utilizacións consabidas, rituais e encaixadas do galego, utilizacións calificadas de tácticas homoepáticas,destinadas a combateren, co uso reducido e controlado, o progreso do própio galego.

... O Estado Español practica a expansión e imposición do español como unha das suas necesidades e intereses básicos...

... A política lingüística derivada da Constitución de 1978 non supón ruptura a respecto da lexislación anterior, senón continuidade españolizadora, con recambio terminolóxico. Nun proceso crecente de desvirtuación conceptual e léxica, os termos oficialidade ou cooficialidade rotulan, compensatoriamente, situacións legais e reais que están moi lonxe de mereceren tais nomenclaturas. A respecto das lexislacións autonómicas, compre lembrar que elas son peza integrante da lexislación estatal, dotadas por tanto,dunha soberanía moi limitada para programaren accións normalizadoras para as respectivas línguas.

... O galego está desasistido dunha lexislación realmente normalizadora e a política institucional autonómica refuxia-se na ambigüidade e na falta de prescricións claras para xustificar a sua lasitude ou a sua inoperancia no proceso normalizador “(GARCÍA: 1.991, 354-355-356)”.

Esta análise confirma unha situación actual confusa que para a investigadora procede de:

“O anacronismo, pois, non está na sociedade galega no seu conxunto nen na sua avanguarda normalizadora (o segmento monolingüe leal conscientemente ao galego) senón nas institucións oficiais: as españolas que reprimen e regulan, as autonómicas seguidistas da actuación daquelas, sumisas perante ás agresións da política de Estado, empeñadas en manteren o galego en usos encaixados, en reservas que cumpren unicamente un papel simbólico de contraste á hexemonía do español e sen a menor enerxía ou vontade política por traducir en progresos para o galego as atribucións legais e operativas de que dispoñen. Todo o dispositivo oficial até hoxe actuou, así, non como dinamizador, senón como elemento paralisante da tensión normalizadora que, se se relaxou, foi por asentar na conciencia dos usuarios que” o galego xa non é problema” .“(GARCÍA: 1.991, 198)”.

Quedan perfectamente resumidas tanto a problemática institucional perante a realidade social galega, as actitudes e os programas de confusión a nivel simbólico, como as posibilidades reais dunha normalización lingüística.

A posibilidade de conquistar un alumnado con coñecementos e un bo dominio, a nivel oral e escrito, do galego, como se formula dalgún xeito nas proclamas lingüísticas oficiais, non parece que sexa a pretensión do goberno, na apreciación que fan os homes no ensino público; moito menos que poidan no presente ou no futuro disfruta-los alumnos de maiores espazos sociais de realización lingüística.

Un 50% dos homes e un 26% das mulleres aprecian que a política do goberno autonómico é crear alumnos bilingües. Mentres un 55% das mulleres aprecian nesta política de introducción do galego nas escolas unha confusión socio-lingüística (un 15% de homes), só un 18% das mestras pensan que con esa política se poida conquistar un alumnado galego (nos homes a porcentaxe é un pouco maior, 30%).

Outras opinións sobre as pretensións lingüísticas oficiais indican que son para:

- *“Facer cidadáns mellor formados”.*
- *“Diluir radicalismos”.*

### 9.- Papel do galego e do castelán na sociedade galega.

Rematamo-lo turno de opinións lingüísticas solicitando:

*Cal cre debe se-lo papel do galego e do castelán en Galiza?.*

Deste xeito pretendemos comprobar algunhas formulacións ideolóxicas que “alimentan” as actitudes e comportamentos dos ensinantes. Item 35:

Opcións	PÚBLICO		PRIVADO		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Monol.galeg	-	4	-	-	-	3
Galego cultu	-	38	-	-	-	26
Castelán cult	25	4	-	8	11	5
Bilingüismo	75	54	100	92	89	66
Monol.castel	-	-	-	-	-	-

Os homes e mulleres decántanse pola fórmula que preconiza que o galego e o castelán deben ser linguas de uso habitual en tódolos ámbitos en pé de igualdade; fórmula que etiquetamos de “bilingüista”, bilingüismo diglósico.

A opción do castelán, como lingua exclusiva en tódolos ámbitos e funcións, non recibiu adhesións por ningún mestre, o mesmo que a proposta dun monolingüismo galego, excepto para un 4% das mulleres do ensino público.

Na pública xorden algúns desexos de que unha lingua realice as funcións culturais (para as mulleres esta lingua debe se-la galega, para os homes o castelán) e a outra sexa a lingua de uso en tódolos ámbitos.

Podemos comprobar como non só a categoría do xénero segrega distintas actitudes no feito lingüístico, senón que a idade das persoas aporta visións diferenciadas, por exemplo para as mestras do ensino público:

Idade	Monol. galego	Galego cultural	Castel.cultural	Bilingüe	Monol.castelán
20 – 30	-	-	-	100	-
30 – 40	25	50	-	25	-
40 – 50	-	-	17	83	-
50 – 60	-	45	-	55	-
> 60	-	80	-	20	-

A fórmula oficial ou “oficialista” está máis arraigada nas mestras máis novas perdendo forza na medida en que aumenta a idade; outra opción como a do “galego como lingua nos ámbitos coloquial e cultural autóctonos”, e “castelán como lingua de uso en tódolos ámbitos” (fórmula clásica e conservadora dos privilexios do castelán) é demandada polas mestras na medida que aumenta a idade.

A fórmula máis progresista, para o uso do idioma galego (monolingüismo galego máis un uso do castelán reservado para os ámbitos culturais) aparece no tramo de idade 30 - 50 anos.

Este intervalo de idade xa fomos comprobando anteriormente como era o máis aberto e flexible na actuación educativa.

### **9.1.- Abandono do código lingüístico.**

En canto ós diferentes comportamentos, dos homes e mulleres, opinan algúns estudiosos que o feito de que as mulleres abandonen en maior proporción o código lingüístico de orixe, indica que son síntomas máis que un claro diagnóstico:

“Tal fenómeno sería consecuencia dun condicionamento social, en virtude do cal as mulleres serían moito máis vulnerabeis do que os homes ás aparencias, o finximento, o aparentar social, o desclasamento; á alienación én soma. As mulleres galegas amosarían así, a aquela altura, un grao de deserción idiomática maior que os homes e un grao inversamente proporcional de lealdade ou de reintegración no idioma do país (na Universidade, por exemplo).”

Pero considera a autora que:

“Distingamos os síntomas do diagnóstico. A respecto dos primeiros, si parece certa a consideración da maior vulnerabilidade das mulleres a certos preconceitos e entregas alienadas, efecto dunha discriminación obxectiva que chega, como é ben sabido, a internalizar-se e a reproducir os signos de marxinação e presión que definen o seu papel social. No particular caso galego e no particular caso de actuación lingüística, temos dúbidas sérias de que tal aserto se cumpra ou, ao menos, se cumpra estritamente. Que saibamos, non existe ningún estudo de campo indicativo do estado da cuestión e que atenda especificamente a variable sexo para facer o seguimento estatístico de uso, mantimento e reintegración ao galego”. (GARCÍA: 1.991, 125).

No perfil lingüístico, que estamos debuxando aparecen datos, aportados polas mulleres do ensino galego, que axudarían a M<sup>a</sup> PILAR GARCÍA a elaborar un diagnóstico que confirmaría, actitudes, crenzas, valores e comportamentos, diferenciados dos que manifestan os homes, estando así mesmo, eses comportamentos diferenciados, condicionados por outras variables de tipo cultural e de clase.

Non pretendemos interpretar, nin tampouco debemos facelo, a presenza destes valores como autóctonos do propio xénero; explicitados quedaron os comportamentos diferenciados entre as mestres que practican o ensino en distintos segmentos educativos. Máis ben inclinámonos pola afirmación dunhas relacións sociais, establecidas na produción e reprodución social, que asignan os roles para cada axente coa pretensión da reprodución “exacta” dunha realidade.

Esta realidade, que resulta (tolerablemente) satisfactoria para as clases dominantes, sofre, durante o proceso de reprodución, efectos distorsionadores, que son debidos á actuación diferenciada de cada axente ou grupos de axentes portadores de valores culturais que, “ penetran”, como di P. WILIS, ou introducen factores distorsionadores.

Este é o espazo de actuación social diferenciado que estamos a analizar nas organizacións educativas. Pero tamén queremos ver algo máis, que aquela constatación, que para M<sup>a</sup> PILAR GARCÍA estaba pouco documentada cos datos, que facía o profesor ALONSO MONTERO no ano 1969:

“o galego ten máis adhesións entre os homes que entre as mulleres, e cando alguén rexeita o vernáculo para se instalar no castelán, faino máis irrevocablemente si é muller”.

## **9.2.- Conflito social.**

O período estudado estivo presidido, no eido lingüístico, por unha fonda polémica social que afectou especialmente ós profesionais do ensino, serían as mulleres, en moitos casos, as principais vítimas da represión. Especial sensibilidade social ó comportamento diferenciado de xénero e, tamén, especial violencia represiva.

Cando se pensaba que as leis democráticas solucionarían a problemática socio-cultural galega, arrastrada desde antes do comenzo da modernidade e que se agudizou durante os anos da Dictadura, estas leis terminaron acentuando a situación diglósica, perpetuando o proceso histórico e socio- lingüístico da glotofaxia.

### *9.2.1.- Disposicións normalizadoras.*

Artigo 3 da Constitución:

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado.  
Tódolos españois teñen o deber de coñece-la e o dereito de usa-la.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”.



Debemos suliñar que este concepto, de “riqueza patrimonial” das linguas diferenciadas, expresa un carácter de “reserva bancaria” da cultura, xeralmente rexistrada e protexida nos “museos”, pero que está lonxe dun recoñecemento social da práctica ordinaria na convivencia, que nos lembra algunha frase, moi na boca dos máis achegados o antigo xexime, durante os primeiros anos da década dos 70 (sen lugar a dúbidas en anos anteriores) cando defendían o Estado unitario fronte ás reclamacións de liberdade das nacionalidades históricas, empregando un concepto patrimonial do mesmo: “Indestructible unidad de España y la rica variedad de las regiones”.

Os representantes do Estado, e das Institucións, vestiránse con esta roupaxe cultural para o seu adorno e manifestación de protección do patrimonio cultural.

Por exemplo: “La Voz de Galicia”, 25.07.1976:

“Don Juan Carlos habló en castellano y en gallego ante la multitud que abarrotaba la Plaza del Obradoiro”.

“Homilía en gallego del arzobispo de Santiago: O Concilio afirma que se debe apreciar o patrimonio, as linguas e os costumes de cada pobo”, páxina 43. “La Voz de Galicia”. 20.01.76

Artigo 148.

“1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

17ª O fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma”.

Artigo 5 do Estatuto de Autonomía:

- 1. A lingua de Galicia é o galego.

- 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”.

Título segundo das competencias de Galicia, Capítulo 1 das competencias en xeral:

Artigo 27.

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da Lingua galega”.

Tódolos dereitos lingüísticos de Galicia están recollidos na Lei/1.983 do 15 de Xuño de Normalización Lingüística DOG 14/7/83.

O Título III do uso do galego no ensino, artigo 13:

1. Os nenos teñen dereito a recibilo primeiro ensino na súa lingua materna.

Artigo 14.

1 A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitario.

Garantirásese o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados”.

O decreto 135/83, do 8 de setembro DOG Nº 129.17/9/ 83.

#### Artigo 1º

Nos programas a desenvolver nos niveis de Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional, así como no curso de Orientación Universitaria e na modalidade de Educación Permanente de Adultos, asignarásen o mesmo número de horas o galego e o castelán.

#### Artigo 2º

1. Nas clases de Lingua e Literatura galegas e Lingua e Literatura castelás, usarásen respectivamente o galego e o castelán, sen máis excepcións que as esixidas pola propia eficacia do ensino.
2. No nivel de Preescolar e no ciclo inicial de Educación Xeral Básica os Profesores usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos, coidando que estes adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do correspondente nivel.
3. Nas materias non aludidas neste artigo, calquera que sexa o nivel ou modalidade no que se imparta, excepción feita do previsto no apartado anterior, usarásen indistintamente o galego e o castelán, se ben o respectivo Consello de Dirección, Órgano superior competente do Centro ou Departamento haberá de arbitrar un equilibrio na utilización dun e doutro idioma”

Expostas quedan as normativas para o uso do galego no ensino, coidamos que a pesares de certas limitacións e ambigüidades, atopamos certas posibilidades e mandatos de desenvolvemento e aplicación do galego no ensino.

Unha vez definido o campo operativo da lingua, estamos en condicións de comprobar a que nivel de compromiso e vontade normalizadora, chegaron ou estaban dispostas a chegar as forzas políticas da administración, na política educativa, así como que nivel de compromiso adoptaron os profesionais do ensino na aplicación desta normativa. Con respecto a este último apartado, queremos sinalar (como máis adiante demostraremos), que a maior parte das posturas normalizadoras fixéronse a título individual, raramente desde os compromisos colectivos dos claustros. Así e todo as respostas de solidariedade, ante as represións feitas a nivel individual, foron expresadas a nivel dos claustros.

#### *9.2.2.- Aplicación e control das normas.*

Expostas quedan aquelas leis e disposicións políticas tendentes a formaliza-la normalización lingüística. Nas próximas liñas faremos un relato descritivo de feitos e actuacións políticas que nos axudarán a comprende-la verdadeira vontade política estatal pola recuperación e normalización lingüística e cultural de Galiza, pero tamén comprobaremos o nivel de tolerancia social con que recibiron esta normalización as forzas dominantes da sociedade.

Non foi custoso atopar nos periódicos abundantes feitos, tal vez o que resultou máis custoso foi face-la selección; atopamos persecucións, denuncias, represalias, expedientes que sufriron os mestres polo uso do galego no sistema educativo, dos que escollemos algúns.

– “El Faro de Vigo”, 2.11.79:

“En la provincia de Pontevedra se dan clases en Gallego sin cumplir los requisitos del decreto sobre bilingüismo ... según varias personas vinculadas a UCD, ... en el Instituto Femenino de Pontevedra, en el Instituto de La Estrada y en un colegio nacional de Hío, se están impartiendo algunas disciplinas, entre ellas matemáticas, en gallego, sin que se haya seguido el procedimiento administrativo fijado en el real decreto y la orden ministerial publicados el pasado mes de agosto cuando resolvió el tema del bilingüismo en la enseñanza. Las anomalías denunciadas preocupan a los parlamentarios, no solo por el hecho de que dan clases sin haber hecho previamente la planificación necesaria que tiene que aprobar la Comisión Mixta Ministerio de Educación - Xunta de Galicia, sino tambien porque el proceso podría estar siendo favorecido por la inhibición de las autoridades educativas, las cuales no han corregido hasta ahora esas irregularidades. Pueden derivarse de todo ello un perjuicio notable para los alumnos, que no estamos dispuestos a tolerar”.

Claro exemplo de labor policial realizada polos conservadores, defensores a ultranza dos privilexios do castelán.

- “La Voz de Galicia”, 18.12.79, carta dun pai de Viveiro que foi convocado polo presidente da Asociación de Pais de alumnos:

“para tratar dun profesor - dixo o presidente- que como bien sabeis es del Bloque y da todas sus clases en gallego”.

Aqui as funcións policiais exércenas as APAS.

- “El ideal Gallego”, 5.11.80:

“A lingua, convertida nun símbolo de discordias. Si existen casos nos que o idioma galego foi prohibido, deberían ser dadas a conocer polas autoridades responsables. O que non pode seguir adiante é a brutal politización que se está a facer da lingua galega por unhas minorías de iluminados.”

Firmado por ABUIN DE TEMBRA reflectindo actitudes e comentarios que acaban reforzando o labor represivo.

- “La Voz de Galicia”, 29 enero de 1980:

“La Federación Provincial de Padres de La Coruña de centros de EGB, BUP y COU, estatales y no estatales, en la que están integradas unas 25.000 familias, ha hecho público un comunicado en el que muestran su rechazo a la huelga convocada para el día 30. El texto del comunicado es el siguiente:...

Que el decreto de bilingüismo actualmente vigente, cuyo rechazo es también el pretexto de motivación de la huelga, tiene la suficiente amplitud en su normativa para permitir una implantación evolutiva y racional de la lengua gallega sin la imposición coactiva que pretenden los convocantes introducir en la enseñanza.”

Moi activa esta Federación durante todo o período, decantada pola defensa do Decreto de Bilingüismo, de xeito que con motivo da aplicación da nova orde de 1 de Marzo do 1.988, referente á utilización do galego como lingua vehicular no ensino, no ano 1.988 reimitiu un escrito dirixido o Defensor del Pueblo para, entre outras cousas:

“... con el fin de hacer frente a esta situación y defender los derechos de nuestros hijos a recibir la educación en el idioma que sus padres elijan”.

Ó mesmo tempo, con data 3.05.88, enviaba circular as APAS informando dos resultados da entrevista mantida coa Dirección Xeral de Política Lingüística, que, entre outros asuntos, comentaba:

- “Esta Federación considera de interés informar a las APAS sobre las conclusiones de esta reunión, que podemos resumir en tres puntos:

1 .- La Consellería de Educación está decidida a ampliar el número de asignaturas a impartir en gallego, y considera que los padres no deben intervenir en este tema, que corresponde únicamente a las autoridades educativas que diseñan la ordenación académica.

2 .- La FAPA mantuvo su postura de reconocer el derecho individual de cada padre a elegir el idioma de enseñanza, por entender que es un derecho constitucional que está por encima de cualquier disposición administrativa.

3 .- No se puede obligar a que los niños se expresen en gallego ni oralmente ni por escrito. Tampoco se puede obligar a tener los libros en gallego.”

Vexamos, tamén, algunhas respostas oficiais sobre este conflito xeralizado, na sociedade galega, con motivo da aplicación da política de normalización lingüística:

- “La Voz de Galicia”, 29 de febrero de 1980:

“Según la Consellería de Cultura de la Xunta. Es falso que se hayan incoado expedientes disciplinarios contra los que han utilizado la lengua gallega en la enseñanza. Reconoce, no obstante, que ha habido situaciones conflictivas.”

Linguaxe das Institucións tentando ante a opinión pública disimular os feitos.

- “El Ideal Gallego”, 16.02.80:

“En O Foxo (A Estrada). Los padres retiraron a sus hijos de una clase en gallego”.

Un dos primeiros casos de persecución que acabaron prohibindo ó profesor impartir o ensino no cuarto nivel

“La Voz de Galicia”, 2.03.80:

“La Asamblea de Ensinantes de Galicia apoyará una manifestación en A Estrada ...

El acto de protesta cívica quiere llamar la atención a todo el pueblo gallego sobre la actitud represiva que sufren los profesionales gallegos de la enseñanza cuando quieren impartirla en lengua gallega. Concretamente, y por eso mismo va a ser en A Estrada donde se lleve a cabo, protestarán por el hecho de que un profesor de Foxo, al que los padres llegaron a retirar de sus clases a los alumnos que tenía, no puede seguir impartiendo sus clases en gallego”.

Mobilización en defensa dos represaliados, no mesmo lugar dos feitos.

“La Voz de Galicia”, 6.05.80:

“UTEG-ING apoya a dos profesores que impartían las clases en gallego en el colegio de Vilaríño (Nigrán).”

- “El Ideal Gallego”, 13.12.1980, relativo ó expediente aberto a dous profesores de Dices (Rois) por impartir clases no idioma galego:

“Es inaudito... Resulta que los dos docentes imponían el lenguaje a los chicos, explicando la literatura castellana y las matemáticas en gallego. Y esto en contra de la voluntad de los alum-

nos y de sus padres. La actitud de estos dos profesores es una flagrante violación de los derechos de la persona, por un lado, y de la legislación vigente, por otro”.

Corresponde a unha nota editorial do sector conservador que se amosa alporizado ante os feitos.

“El Ideal Gallego”, 14 diciembre de 1980:

“Directivos de la APA de Dices -Rois, a IG: Queremos que tambien se enseñe en castellano. La maestra Pepa Baamonde, pese a las múltiples negociaciones de la APA., se niega a dar clases en castellano. Si no se resuelve el problema, los padres retirarán a sus hijos del colegio”.

Esta información publicouse na portada do periódico, mentres que a resposta que dou a mestra apareceu na páxina 27.

Os conflitos lingüísticos comprobamos como xorden con máis conflictividade e violencia nos núcleos rurais.

“La Voz de Galicia”, 4.02.81:

“La Federación de Padres de Alumnos de La Coruña reitera el derecho de los padres a elegir el tipo de educación de sus hijos. Estima sería, ecuanime y ajustada a derecho la postura del APA de Dices - Rois”.

A sociedade urbana coruñesa solidarizándose coas actitudes represivas exercidas no medio rural fronte á normalización da lingua galega. Estas actitudes dos pais no medio rural, están promovidas por grupos que controlan ás Apas en favor do mantemento do proceso colonizador da lingua castelá no medio rural, que se atopa en fases de glotofaxia menos avanzadas que as que se dan nas zonas urbanas das grandes cidades.

“La Voz de Galicia”, 21.01.81:

“Absurdo nacionalismo escolar” firmado por ULTREYA...

La protesta de la APA de Dices - Rois, lejos de ser reaccionaria, como pretende hacérsenos creer, es comprensible y sintomática de una opinión generalizada, de una mayoría silenciosa que permanece sumida en el mutismo, por miedo de esa presión ideológica que descalifica de un plumazo cualquier oposición a la enseñanza en gallego”.

Velaí, pois, unha expresión da defensa dos intereses concretos da sociedade coruñesa, feita baixoseudónimo, no voceiro local. Esta conflictividade social exposta, como ilustradora parcial da realidade, non como expresión da totalidade, representa un exemplo da “convivencia” proposta oficialmente para as dúas linguas nun plano de bilingüismo social. Nin uns nin outros son capaces, voluntaria e libremente de poder desenvolve-la, debido entre outras cousas, a que non se parte do mesmo punto de igualdade de uso e de dominio social para as dúas linguas enfrontadas, nin tampouco dunha vontade real, política e social, de normaliza-lo uso do galego na sociedade.

### 9.2.3.- Bilingüismo diglósico.

En canto o uso da lingua dominada achégase a algúns dos espacios de relación social reservados á lingua dominante, xorde o conflito. Pola contra, a falta do uso, da lingua

dominada, noutros espacios de obrigado cumprimento (mínimos legais, administración pública, toponimia - que desde algún medio, como por exemplo "LaVoz de Galicia" merecía chamadas de atención pola desfeita lingüística, nun exercicio de pura demagogía:

"La toponimia gallega ha sido adulterada tergiversada y manipulada. Solo porque a unos funcionarios sin cultura les parecía más elegante lo castellano que lo gallego", páxina 22 día 6.01.76 -, etc.).

Representan feitos que non tiveron gran repercusión social nin son reprimidos ou represaliados (La Coruña, La Puebla).

Todo este movemento de defensa dos dereitos, expresado nas Asembleas, Folgas, Manifestacións etc, por mor dunha autonomía relativa, son exemplos de resistencias que conquiren unha produción cultural ou unha contracultura que penetra na cultura dominante contradicindo ó proceso reproductivo Estatal.

Cando o rexeite, da política lingüística e cultural da Xunta, faise desde un carácter acrítico, adoptando posturas personais ideolóxicas ou de complicidade laboral, polos profesionais do ensino, acaba favorecendo ó mantemento do orde social vixente, baixo ese complexo entramado de relacións Estado/Xunta, pero non significan modificación ou transformación da realidade; non aportan solucións alternativas, son, polo tanto, improduttivas, son reproductoras. Pola contra, as concepcións culturais e sociais, que inflúen sobre a diaria rutina e as prácticas do ensino, esas sí que significan unha penetración na cultura académica.

#### **BIBLIOGRAFÍA CITADA.**

- ALTHUSSER, L., (1987). Ideology and Ideological State Apparatuses. En Michel W. Appel. Educación y Poder. Barcelona. Paidós / Educación.
- BALIBAR, Renee / LAPORTE, Dominique,(1976). Burguesía y Lengua Nacional. Avance. Barcelona.
- BRANCO, Xosé Ramón, (1995). A muller e o Sistema Educativo. Actitudes sociais, poder político e ideoloxía dominante. Estudio dun caso: Concello de A Coruña 1970-1985. Universidade de Santiago.
- CALVET, Louis-Jean, (1981). Lingüística y colonialismo. Ediciones Júcar. Madrid.
- CARBALLO, Ricardo, (1984). "Usar dúas linguas". La Voz de Galicia. A Coruña.
- GARCIA NEGRO, María Pilar,(1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Edicións do Cumio,S.A. Pontevedra.
- LA VOZ DE GALICIA, 1962- 1.992.
- SIGUAN, Miquel, (COORD.), (1976). Lengua del alumno. Lengua de la escuela. I.C.E. Barcelona.
- VARELA, Julia e ORTEGA, Félix, (1984). El aprendiz de maestro. M.E.C. Madrid.